Aberta a quenda de intervencións, prodúcese en primeiro lugar a do concelleiro do PP D. César Aja Mariño, que lamenta que se presentara nos medios de comunicación este convenio antes do seu tratamento polo pleno. Que máis que un convenio supón unha declaración de intencións. Que dada a contía que se trata votan en falta un informe do interventor relativo a se existe consignación orzamentaria e pregunta se o goberno municipal vai a ser capaz de cumprir cos compromisos que se anuncian. E di todo isto non dende a oposición a esta proposta, senón por que estas axudas vinculan ao concello e aos directivos do Casino polo que lles gustaría que obrara o informe económico. Que o goberno municipal acadou moitos compromisos que numera: Orfeo, salarios do persoal, Biodiversidade, aval de Turviveiro, indemnización por sentenzas xudiciais... todo isto sen esquecer que no presente ano o concello, di, ten que comezar a amortización dos préstamos se non se chega a un acordo de refinanciación.

Polo Sr. alcalde, en contestación, maniféstase que o goberno municipal pode presentar as propostas que estime convenientes. Que o concello garante esa cantidade aínda que non se perciban as subvencións que se atopan solicitadas para eses fins. Que os compromisos do goberno son reflectidos nas actas das sesións plenarias e obrigan ao seu cumprimento. Que lle farán entrega ao PP da liquidación orzamentaria de remanente positivo e débeda extraxudicial. Que se non quedan 400.000 €despois de aboar a débeda extraxudicial, si podería o grupo do PP dicir algo. Que lle recorda que a Biodiversidade é un asunto iniciado no goberno do PP e que non esquece que nun curso dese programa tiñan que asistir quince empresarios e na realidade non se cumpriu e os asistentes non tiñan esa ocupación.

Polo voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, expónse que o convenio proposto é cunha entidade que era unha sociedade pechada e que desta maneira ofreceranse uns servizos aos que poderán concorrer os non socios. Que esta é unha fase previa á formalización do devandito convenio.

Polo concelleiro de IU-EU coincide na preocupación por garantir o importe da subvención, indicando a seguir que vai a votar a favor e citando outros equipamentos como o peirao deportivo, que di que se atopaba pechado ao público coa anterior administración municipal.





A continuación, polo voceiro do PP formúlase a seguinte pregunta: “Existe o Convenio?” insistindo a seguir coa seguinte cuestión: “Hai informe de intervención que garanta a achega municipal?”. Polo Sr. alcalde-presidente respóndese que para o 2007 o Concello, directamente ou a través de subvencións, alcanzará 68.600 € ao Casino de Viveiro, garantíndose a cobertura total e facilitándolle un anticipo non superior ao 50% e que nun próximo pleno incluírá a parte económica e as cuestións de control.

Nunha nova intervención, o voceiro do PP citado volve a inquirir: “Existe informe do interventor?”, formulándolle o concelleiro do PP D. Guillermo Leal Arias a mesma pregunta ao propio funcionario.

Polo Sr. alcalde-presidente indícase que a presidencia autoriza as intervencións dos funcionarios.

Polo Sr. interventor indícase que el está obrigado a facer informes dos asuntos dos que se derivan obrigas para o Concello.

Polo concelleiro do PP D. José Joaquín Gayoso Roca indícase que o que se aprrobe neste pleno non garante a asunción de obrigas polo Concello, ao que engade o voceiro do Grupo, o Sr. Aja Mariño, que eles aprobaban os orzamentos e o grupo de goberno actual non os elabora.

En contestación, o concelleiro delegado de Economía e Facenda, Sr. Fernández Amor, indica que o grupo de goberno actual non xera ningunha débeda e que rebaixa en 1.800.000 € a existente, rogándolle ao PP que anote esas cantidades e que faga un exame da xestión feita no seu goberno, xa que, segundo di, deixou 10.800.000 € de débeda.

Despois de que polo concelleiro do PP José Joaquín Gayoso Roca se solicite a palabra, polo Sr. alcalde indícase que se proceda á súa votación e o pleno do concello por unanimidade dos seus membros (17) acorda aprobar a proposta de alcaldía, que textualmente di:

**“Proposta de convenio entre o Concello de Viveiro e o Casino de Viveiro-Club Náutico para o desenvolvemento do Centromunicipal de actividades no medio mariño de Viveiro.”**

## **1. INTRODUCCIÓN.**

A vila de Viveiro dende os seus orixes estivo estreitamente vinculada ao mar. O ritmo de vida no “Mundo moderno” fai que os pobos esquezan rapidamente a súa identidade. Esta proposta ten como principal obxectivo potenciar a cultura náutica mediante a práctica de actividades náuticas e medioambientais.

Turismo Náutico amósase hoxe en día como unha alternativa aos tradicionais traballos realizados no mar. A Vila de Viveiro atópase nun lugar privilexiado para o desenvolvemento do mesmo. A Náutica Escolar preséntase como a base de dito desenvolvemento xa que pretende que os rapaces e rapazas da propia vila se acheguen ao mundo mariño mediante a práctica de actividades náuticas como a vela, piraguismo ou navegación a motor. Pero o interesante sería non limitar esta actividade unicamente ao ámbito escolar.



Estes cursos de duración variable desenvolven a capacidade motora ao medio acuático, permite aumentar os coñecementos da Natureza e o medio xeográfico-cultural, ao tempo que se desenvolven as actividades deportivas, e poténciase o coñecemento doutras disciplinas, como os rumbos, a forza dos ventos, as correntes, o ecosistema mariño, a cartografía e a astronomía, etc. Trátase de potenciar as relacións existentes entre as actividades no medio natural coa educación ambiental e a saúde.

A tal efecto establécese un convenio de colaboración enre o Concello de Viveiro e o Casino de Viveiro-Club Náutico para o desenvolvemento do Centro municipal de actividades no medio mariño de Viveiro, que se articulará coas seguintes aportacións:

O Casino de Viveiro-Club Náutico aportará tanto as instalacións, as embarcacións das que dispoña no momento da sinatura deste convenio, que poderán ser utilizadas polos veciños de Viveiro e aqueles doutros municipios cos que o Concello teña colaboracións para os obxectivos do programa de actuación durante as actividades programadas ao amparo do presente convenio; ademáis será o responsable da selección e contratación do persoal necesario de acordo co orzamento que forma parte deste convenio para os obxectivos do programa.

O Concello de Viveiro aportará, ben directamente ou a través das subvencións que poida achegar, fundamentalmente das Consellerías de Medio Ambiente e de Pesca, ata acadar os 68.600 € durante os exercicios orzamentarios do 2006 e 2007, sempre garantindo o Concello a cobertura total no caso de non recibir aportacións externas ao propio Concello.

## **2. Obxectivos principias:**

- > Achegar aos habitantes do Concello ao mundo do mar, mediante a práctica dalgún deporte náutico, (vela, piragüismo ou remo), ou algunha actividade.
- > Dar a coñecer o medio mariño dende unha perspectiva de respecto do mesmo, complementaria á práctica dos deportes náuticos.
- > Coñecer o entorno da súa Comarca e a estrutura socioeconómica da mesma.
- > Difusión da cultura e tradición marítima.
- > Impulsar as escolas de base ou deportivas das modalidades náuticas artellándose entorno ao desenvolvemento das infraestruturas náuticas na Comarca.
- > Motor da crecente oferta de turismo náutico existente en Galicia.

## **3 Actividades:**

### **• Vela:**

- ❖ Vela escolar: Cursos de iniciación en embarcacións colectivas dirixidos aos alumnos do Concello.
- ❖ Vela crucero: Cursos de iniciación dirixidos aos adultos.
- ❖ Vela adaptada: Cursos dirixidos a persoas discapacitadas.
- ❖ Bautismos de Mar: Cursos dirixidos a rapaces e rapazas do interior.

### **• Remo:**

- ❑ Kayak de mar: Paseos guiados polo río Landro.
- ❑ Piragüismo.



- **Motor:**

- Neumática: Paseos pola ría neste tipo de embarcacións.
- Pesqueiro: Paseos pola ría nun verdasdeiro barco pesqueiro.

- **Xardíns de mar:**

Actividade dirixida a nenos e nenas de 4 a 7 anos.

- **Clases de mar:**

Actividade multidisciplinar na que ademais das anteriormente citadas actividades se imparten os seguintes contidos, sempre relacionados co medio mariño.

1. **Xeografía:**

- . A nosa comarca Viveiro.
- . orientación no espacio (Cartas náuticas, brúxula, etc).

2. **Meteoroloxía e clima:**

- Interpretación atmosférica (Barómetro, Mapa isobaras, etc. ...)
- Características climáticas de clima Cantábrico.

3. **Medio mariño**

- Dinámica mariña (ondas, correntes e mareas)
- Formacións costeiras (Cantiles, praias, marismas, rías, etc ...)
- Fauna e flora

4. **O home e o mar:**

- Marcos histórico cultural de Viveiro (Actividades tradicionais, cancións mariñeiras, etc. ...).
- Actividades humanas de hoxe (Pesca, lecer, industria, transporte, etc ...).

5. **Ecoloxía:**

- . Impacto medioambiental das actividades do home.
- . Equilibrio ecolóxico.
- . Pesca responsable.

**Orzamento da actividade durante o período 2006-2007 cunha cobertura de doce meses**

- **Persoal fixo:**

- . Un auxiliar técnico en actividades náuticas: 16.800 €
- . Unha bióloga mariño e monitoria de vela: 16.800 €

- **Persoal eventual:**

- . Monitor de vela (10 €/a hora)
- . Titulado educación infantil (10 €/a hora) 8.000 €



- <b>Promoción do centro:</b>	
. Charlas, medios audiovisuais, propaganda, etc. ...	6.000 €
- <b>Mantemento:</b>	
. Das embarcacións.	
. Gasolina e aceite	6.000 €
- <b>Material didáctico:</b>	
. Papelería (Fichas, cartas náuticas, mapas, etc.)	
. Acuorios	4.000 €
- <b>Material técnico:</b>	
. Trajes de aguas	
. Botas de aguas	
. Emisoras de radio	
. Chalecos salvavidas	6.000 €
- <b>Alquiler:</b>	
. Kayak de mar	5.000 €
<b>Total</b>	<b>68.600 €</b>
	-----

Sendo as 22:00 horas, polo Sr. alcalde-presidente propónse facer un receso de 15 minutos, reanudando a sesión ás 22:15 minutos.

**6º.- PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN DA CONCESIÓN COA ENTIDADE PORTOS DE GALICIA PARA A SUPERFICIE COMERCIAL ONDE SE ATOPA SITUADO O “HALEY”.**

Polo Sr. Alcalde expónse que como xa coñecen os Concelleiros, polo ente Portos de Galicia, tramitouse un expediente de caducidade do terreo denominado “explanada para dotacións” que se iniciou hai tempo e que a única solución ofertada ao Concello, nas conversas mantidas por esta alcaldía, foi a de renunciar á concesión e que Portos de Galicia a mantería ata a finalización do prazo, entendendo que esta renuncia expresa do Concello á concesión sería mantendo o uso do aparcadoiro público.

Aberta a quenda de intervencións, o Concelleiro do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca, pregunta se no expediente non hai máis documentación que a proposta da Alcaldía; respostándolle o Sr. Alcalde que a documentación desa concesión terá que coñecela o Concelleiro do PP dos anos que foi Tenente de Alcalde. Refiríndose, a continuación, o citado Concelleiro do PP a que no escrito do Alcalde fálase de sancións económicas, pero que a el lle gustaría miralo, pois a proposta da Alcaldía supón renunciar a unha concesión, non mencioándose o canon que se vai aboar polo aparca-



doiro o que supón regalarlle a Portos de Galicia o “Haley”, polo que dí que o grupo do PP non pode votar a favor da proposta, senón se especifican claramente as obrigas económicas ou os dereitos do Concello; ademais de dicir que ningunha administración pode renunciar aos seus dereitos, razón pola que no inicio da súa intervención preguntou se existía máis documentación que a aportada, polo que solicita se complete a documentación, se especifique a cuestión económica, xa que co achegada non poden decidir cun voto afirmativo. Finalmente, indica que Portos terá que presentar unha garantía, por escrito, das condicións que aceptan.

Intervén, a continuación, o Voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, que di que a proposta trata de evitar os problemas que se plantexan co expediente de caducidade. Indicando, a seguir, o Sr. Alcalde, que o expediente atópase incoado desde o ano 2000 e, a continuación, se pregunta ¿quen vai a indemnizar aos arrendatarios dos locais?.

Polo Concelleiro do PP, Sr. Gayoso Roca, respóndese que quedaría aberta a vía xudicial. Insistindo, a seguir, na postura mantida de que se aporten documentos, pois desta maneira se están desfazendo duns dereitos e propón, a continuación, que se desprace unha comisión dos distintos grupos políticos a falar cos representantes de Portos e que lles clarifiquen as condicións, entre elas, o canon do aparcadoiro.

Como queira que o Voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Guerreiro, ratifica a postura da Alcaldía indicando que é a saída que teñen, pois hai unhas multas impagadas, e que o debate estará máis adiante cando se formule por Portos a proposta de caducidade; solicita, neste intre, intervir o Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que dí que o expediente de caducidade incoouse por unhas obras do edifizio do “Haley” e que, en todo caso, o que o seu grupo plantexa e a cuestión de que se Portos de Galicia recupera a concesión ¿vai demoler?, responde el mesmo que non, que probablemente Portos vai conceder o uso ao “Haley” e que se o Concello conservara a titularidade da concesión, podería renegociar.

O Sr. Alcalde resposta que o Concello non pode cambiar a concesión, pois di que foi para unha Praza de Abastos, indicando o Voceiro do BNG que, en calquera caso, o presente acordo non pecha o asunto.

Non se producen outras intervencións, e procédese a efectur a votación, e o Pleno da Corporación, por nove votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e IU-EU), e oito votos en contra (PP), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros, acorda:

Aprobar a proposta da Alcaldía que, textualmente, dí:

“A concesión administrativa outorgada ao Concello de Viveiro por resolución da Dirección Xeral de Obras Públicas de data 16-04-1991 na zona de servizo do Porto de Viveiro con destino a explanada para dotacións, ten aberto un expediente de caducidade.

Que a intención do goberno municipal é a de regularizar e legalizar na medida do posible as actuacións executadas na concesión administrativa, evitando deste xeito os mutuos prexuízos que o seguimento do procedemento podería ocasionar as dúas administracións interesadas e aos restantes afectados.

Dito o anterior, consideramos que a evolución nas actividades realizadas nesta concesión claramente diferenciadas en dúas áreas explotadas respectivamente por un organismo que se integra na súa propia Consellería, por unha empresa privada, locais comerciais, e aparcamento público



permite unha solución individualizada para cada un dos usos actuais. Solución que débese acadar dunha maneira máis directa, particularmente abreviando os trámites administrativos que en último termo son a causa do expediente de caducidade, os fins e obxectivos cubertos pola concesión, enerxando ao mesmo tempo as causas nas que pudiera basearse o expediente de caducidade.

Ao marxe do exposto, é preciso aclarar que para este goberno municipal resultan irrenunciabes os beneficios que as actividades que se despregan nesta concesión reportan a esta localidade, e neste senso, entendemos que os prexuízos derivados dunha hipotética resolución de caducidade poderían ser irreparables.

Polo exposto, solicito e ao Pleno adopte o seguinte acordo:

Solicitar ante a Dirección Xeral de Portos de Galicia que archive o procedemento de caducidade incoado á concesión administrativa outorgada ao Concello de Viveiro por resolución da Dirección Xeral de Obras Públicas de data 16-04-1991 na zona de servizo do Porto de Viveiro con destino a explanada para dotacións, en base a que el Pleno formaliza renuncia expresa á parte da concesión administrativa adicada a estación de autobuses e, igualmente, solicítase o cambio de titularidade da área da concesión explotada como centro comercial a favor de mercantil SUPERMERCADOS CLAUDIO, S. A., cambio de titularidade que, en todo caso, deberá de contemplar, pola vía da subrogación do novo titular a permanencia dos particulares que ocupan locais no centro comercial, en virtude dos contratos e prezos de arrendamento celebrados por este Concello e se manteña como titular ao Concello de Viveiro de toda a superficie adicada a aparcadoiro público na actualidade”.

#### **7º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO COA XUNTA DE C.ONFRARÍAS**

Polo Sr. alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, expone a proposta que di supón garantirlle á Xunta de Confrarías unhas axudas para que poidan facer unha programación trianual 2007-09 polo importe de 60.000 €cos correspondentes incrementos do IPC anual.

Aberta a queda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do voceiro do PP, D. César Aja Mariño, que expón que os razoamentos son similares aos do punto relativo ao convenio do Casino. Que é unha mera declaración de intencións e que ao seu grupo lle parece que mentres non se aproben os orzamentos deste ano..., que se aquí o único que se trata é de garantir un convenio polo PP non hai inconveniente. Que van a votar a favor e solicitarán que no momento no que veña o convenio a pleno conste no expediente o informe do interventor.

Polo Sr. alcalde-presidente pregúntase ao concelleiro do PP se o voto favorable é ao total da proposta ou se pensan diferenciar as dúas partes da mesma, ao que o voceiro do PP indica que segundo teñen entendido que 5.000.000 de pesetas se aboaron o pasado ano e outros 5.000.000 no presente ano, extremo que ratifica o Sr. interventor, indicando o voceiro do BNG que xa se fixo con outros convenios que son bianuais e aclarando, a seguir, o interventor o aspecto da plurianualidade dos compromisos.

Procédese a efectuar a votación e o pleno da corporación por unanimidade dos seus membros (17) acorda aprobar a proposta de alcaldía, que literalmente di:



## **“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CONVENIO COA XUNTA DE CONFRARIAS DA SEMANA SANTA**

A importancia da Semana Santa de Viveiro, non só dende o punto de vista relixioso (que xa só este motivo faría necesaria a colaboración do Excmo. Concello de Viveiro), senón tamén dende o punto de vista cultural, social, económico e turístico, levou a este Goberno Municipal a brindar todo o seu apoio, tanto en materia económica, publicitaria e infraestructuras.

Para os sucesivos anos, debe garantirse a través da Xunta de Confrarías a achega económica do ano 2006, que foi de 60.000 € aumentada co incremento do IPC. Intentando asegurar a garantía de continuidade a todas as iniciativas e proxectos que ten elaborados a Xunta de Confrarías, tanto a nivel mediático coma á utilización das novas tecnoloxías, e tamén á recuperación das imaxes que así o requiran, dentro do obxectivo de manter e incrementar a importancia que ten a nosa Semana Santa.

Por todo o exposto, solicito ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

Consignarase nos orzamentos dos anos 2007, 2008 e 2009, a achega económica do ano 2006, que foi de 60.000 € aumentada co incremento do IPC correspondente a cada anualidade, que irán destinadas ás iniciativas propias da Xunta de Confrarías da Semana Santa, e a sinatura dun convenio que regule a actuación das dúas partes, co fin de garantir a súa continuidade e proxección futura.”

### **8º.- PROPOSTA DE ADHESIÓN Á MOCIÓN DE AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DA COSTA.**

Polo Sr. alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, dáse lectura á proposta que di:

#### **“MOCIÓN DE AMPLIACIÓN DO HOSPITAL DA COSTA.**

Sométese á aprobación do Pleno municipal o seguinte:

- 1.- Solicitar da Consellería de Sanidade que no prazo dun ano se definan as necesidades de ampliación do Hospital da Costa, ubicado en Burela, en materia de atención especializada e hospitalaria. Que acompañado a esa definición se incorpore unha memoria económica e unha temporalización das obras e inversións a levar a cabo.
- 2.- Trasladar este acordo á Consellería de Sanidade, á Dirección do Hospital da Costa, á Dirección Provincial do Sergas en Lugo e a todos os Concellos que están na área de influencia do Hospital da Costa, así como á Mancomunidade de Concellos da Mariña e á Deputación Provincial de Lugo.
- 3.- Solicitar á Consellería de Sanidade que se definan as necesidades dos Centros de Saúde ubicados na Mariña Lucense.”

O pleno da corporación por unanimidade dos seus membros (17) acorda a súa aprobación.



**9º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS SUBVEN-  
CIÓNS A ACTUACIÓN S URBANÍSTICAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTE-  
GRADA DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.**

Polo Sr. alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, dáse lectura á proposta e aberta a quen-  
da de intervencións non se produce ningunha, polo que se procede a efectuar a votación. O pleno da  
corporación por unanimidade dos seus membros (17) acorda aprobar inicialmente a Ordenanza Re-  
guladora das Subvencións a Actuacións Urbanísticas na área de Rehabilitación Integrada do Casco  
Histórico de Viveiro.

Dáse traslado ao departamento do casco antigo para a remisión do anuncio ao BOP da ex-  
posición ao público do texto da ordenanza de 30 días para a presentación de alegacións e suxes-  
tións.

**10º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA TRAMI-  
TACIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Polo Sr. alcalde-presidente outórgase o uso da palabra á secretaria do Concello, que indica  
que esta ordenanza foi ditaminada en Comisión Informativa de Obras e que se aceptaron as obser-  
vacións feitas polo Grupo do PP e que posteriormente, no período de información pública, se prese-  
taron unhas alegacións de D. Alfonso Tenorio Aranguren, enxeñeiro municipal, que se informaron  
polos servizos xurídicos, aceptándose a número trece por tratarse dun erro material e a número vinte  
e dúas das citadas.

Non se producen intervencións e o pleno da corporación por unanimidade dos seus membros  
(17) acorda aprobar definitivamente a Ordenanza Municipal de Tramitación de Licenzas Urbanísti-  
cas.

Dáse traslado do presente acordo ao departamento de urbanismo para a publicación no  
BOP do acordo de aprobación definitiva e do texto íntegro da ordenanza, se é o caso, para a súa  
entrada en vigor.

**11º.- PROPOSTA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE CAMI-  
ÑO NO LUGAR DE FORXÁN, VALCARRÍA.**

Polo Sr. alcalde-presidente dáse conta do asunto que di xa coñecen os corporativos por tra-  
tarse na Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestrutura, Obras e Medio Ambiente, indicando que  
se presentou unha solicitude asinada por máis de corenta veciños na que se insta ao Concello a in-  
coar un expediente de investigación do camiño que discorre entre a estrada da Deputación Provin-  
cial (Infanta Valcarría) e o Camiño da Picha; indicando, a seguir, que dos resultados do expediente  
de investigación depende que se chegue a inscribir o devandito camiño no inventario de bens muni-  
cipais.

Non se producen intervencións e o pleno da corporación por unanimidade dos seus membros  
(17) acorda aprobar a proposta e incoar o devandito expediente.





**12º.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLO BNG, RELATIVAS A:**

**12.1.- 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.**

Polo voceiro do BNG, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, resúmese a moción sinalando que por unha casualidade a presente sesión coincide coa data na que se celebra este feito.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese unicamente a da concelleira do PP D<sup>a</sup>. Marta Pérez Lage, que di que aínda que na exposición de motivos, ás veces, eles se expresarían doutra maneira, non obstante o seu Grupo vai aprobar a moción na súa integridade.

Prodúcese a efectuar a votación e o pleno da corporación por unanimidade dos seus membros (17) acorda aprobar a moción que literalmente di:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

O consenso social conseguido canto á necesaria participación das mulleres na sociedade e canto á condena da violencia de xénero, non permitiu aínda a eliminación da lacra da vilencia de xénero, nin evitou que aínda persistan obstáculos evidentes que dificultan que a sociedade responda plenamente ás necesidades e desexos das mulleres, así como que se teña en consideración a necesidade de traballar para eliminar a invisibilidade das mulleres ao longo da historia.

Estas dificultades veñen por parte das administracións públicas e por parte da sociedade mesma, que seguen a ofrecer resistencia aos cambios nun momento de tránsito entre unha cultura patriarcal a outra cultura de igualdade.

No marco político en que nos desenvolvemos onde contamos con iniciativas e proxectos legislativos concertados da Xunta de Galicia que teñen como fin, en materia de igualdade impulsar programas de acción dirixidos a eliminar os estereotipos sexistas e a violencia de xénero, e creados para promover de maneira transversal e igualdade e a corresponsabilidade nas persoas e na sociedade, é importante que a administración local se sume a estas iniciativas e proxectos. Na loita pola igualdade de oportunidades e contra a violencia de xénero, é vital a coordinación e a cooperación entre todos os niveis da administración.

Na medida en que a administración local –polas oportunidades que proporciona a proximidade á cidadanía, e o coñecemento directo das súas necesidades e intereses- traballe para implementar políticas que incorporen a perspectiva de xénero, tendo en conta as particularidades das mulleres, e manifeste este compromiso de cara ás próximas eleccións locais, seremos capaces de a cooperación entre todos os niveis da administración.

Na medida en que a administración local –polas oportunidades que proporciona a proximidade á cidadanía, e o coñecemento directo das súas necesidades e intereses- traballe para implementar políticas que incorporen a perspectiva de xénero, tendo en conta as particularidades das mulleres, emanifeste este compromiso de cara ás próximas eleccións locais, seremos capaces de acadar resultados.

Trátase de construír unha nova cultura na forma de facer política co convencemento de que isto nos levará a unha sociedade máis igualitaria integradora e solidaria.



Polo dito propónse a adaptación dos seguintes **ACORDOS**:

Asumir como punto de partida ineludible no momento en que estamos, que as accións e medidas para acadar a igualdade son tarefa de toda a corporación municipal, corresponsabilizándose todas e cada unha das áreas de goberno de levalas a cabo.

Elaborar, de non existir, ou impulsasr con firmeza, planos e programas de igualdade que teñan en conta as seguintes liñas estratéxicas:

- Crear, a través de coordinación coas administracións, servizos e recursos (ou potenciar os que xa existen para a información, orientación e asesoramento ás mulleres que están a sufrir a vilencia de xénero.
- Fomentar a Educación non sexista desde o Concello Escolar Municipal, en colaboración coas ANPAS e o profesorado dos Centros Escolares.
- Promover programas de promoción de saúde, elaborados e desenvolvidos desde a perspectiva do xénero, en colaboración coas e cos profesionais de saúde do concello.
- Adoptar o compromiso no goberno municipal de marcar o obxectivo de equilibrar nos distintos órganos de xestión a presenza de mulleres e homes. Considerar a aparición igualitaria nas comparecencias públicas do Concello para promover a representación paritaria na toma de decisións e eliminar a linguaxe sexista de toso os textos do concello.
- Establecer que os estudos, estatísticas, informes, etc. se fagan desde a perspectiva do xénero, na súa orientación, nos seus contidos explícitos e ocultos e, por suposto, na linguaxe que se utiliza para a súa exposición.
- Garantir que todas as organizacións que reciban financiamento p´úblico (contratas, servizos, subsidios ...) adopten prácticas non discriminatorias.
- Promover a participación das mulleres nos medios de comunicación municipais a todos os niveis (xestión e produción de programas, redacción, realización, etc), no que se refire ao tratamento da imaxe da muller e da violencia de xénero, tanto na linguaxe explícita como na oculta.
- Promover a recuperación da Historia das Mulleres, actuar localmente na súa recuperación, fomentando o seu coñecemento e recoñecemento mediante accións concretas de carácter divulgativo a rememorativo, promocionando a presenza das mulleres nos espazos públicos, nos nomes das rúas, prazas e outros espazos.”

## 12.2. **APOIO AO PLAN INDUSTRIAL PARA O ESTALEIRO DE FENE.**

Polo concelleiro do BNG D. José Antonio Goás Basanta faise un resumo do contido da moción.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do concelleiro do PP D. Antonio José Bouza Rodil, manifestando o apoio indubitado do seu Grupo á moción.

A do voceiro do PSdG-PSOE, D. Rafael Fernández Amor, que se manifesta en igual sentido.

A do concelleiro de IE-UE D. Orlando Expósito Mariño, que di que a moción reflicte claramente a situación na que se atopa o estaleiro de Fene e que se fagan nestes momentos as afir-



mancións que se din supón unha privatización do mesmo e que nin sequera pervivirán 350 postos de traballo dos 3.000 que supoñía coas esmpreses auxiliares, indicando que o que no futuro se presenta son malos horarios, malos contratos, negativa a aceptar aos empregados actuais..., polo que el unicamente aprobaría dous puntos da moción proposta, que son os de garantir a plena carga de traballo e o pulo dos novos proxectos. Finaliza sinalando que ninguén como os veciños desa zona de Fene poden entender o problema, polo que o seu voto é contrario se se mantén a moción nos termos que se presenta.

O concelleiro do BNG José Antonio Goás Basanta intervén para ratificar o mantemento da moción na redacción inicial.

Procédese a efectuar a votación e o pleno da corporación por maioría de 16 (PSdG-PSOE, BNG e PP) e 1 en contra (IU-EU) acordan aprobar a moción que textualmente di:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No ano 1972 Astano era un estaleiro privado con capacidade para 350.000 TM. de aceiro e un plantel de 6.000 traballadores/as.

No ano 1984 o estaleiro ASTANO de Fene utilizouse como moeda de cambio en Bruxelas para iniciar a reconversión naval do Estado español e facer posible as axudas públicas ao sector dos estaleiros públicos civís do Estado.

Posteriormente, no ano 1987, prohibíuselle a construción de buques, adicándose o estaleiro á fabricación de plataformas off.shore. A prohibición sobre a construción de buques reiterouse co Plano Estratéxico de Competitivdasde /(PEC), elaborado polo PSOE no ano 1994 e aprobado polo PP no 1997.

O Goberno podía solicitar o levantamento do veto no 2002.

Logo da catástrofe do Prestige o Consello de Ministros celebrado en xaneiro de 2003 na Coruña, acordou solicitar da Comisión Europea que erguese as restricións á construción de buques á empresa denominada daquela Izar-Fene. Porén, dende agosto de 2003, despois da entrega da plataforma encargada pola empresa Statoil, as gradas de Fene están valieras e sen carga de traballo propia.

Por último, o 16 de decembro de 2004 asinouose o acordo entre a SEPI e os sindicatos estatais onde Izar Fene se integra en Navantia e no punto 4º se limita a actividade civil durante 10 anos. Asemade, a SEPI, propietaria de Navantia comprometeuse a presentar un plan industrial para a comarca de Ferrolterra, algo que a data de hoxe aínda non fixo.

Por mor deste acordo producíronse 1.400 prexubilacións en Ferrol e Fene, e Navantia Fene quedou con 360 traballadores/as moitos/as deles/as trasladados a Ferrol. Deste xeito Fene, con 800.000 metros cadrados, convértese nunha compañía auxiliar de Ferrol e non nun auténtico estaleiro, que está a realizar bloques para buques militares da antiga Bazán.



No mes de novembro de 2005 a Consellería de innovación e industria, ante a falta evidente de ocupación plena do estaleiro de Fene, propuso ao presidente da SEPI a constitución dunha comisión para a reindustrialización de Ferrol proposta que este aceptou.

O 5 de xullo de 2005 constituíuse a comisión formando parte dela as asociacións de empresarios/as da comarca e os tres sindicatos maioritarios. A SEPI decidiu non formar parte da comisión.

O 25 de setembro de 2006 a consellería convocou unha xuntanza desta comisión, á que a SEPI decide non asistir, e entrega aos axentes sociais un plan de viabilidade para o desenvolvemento da industria navalna ría de Ferrol, un documento aberto ás achegas dos axentes sociais, e que debía concretarse nun plan industrial concreto.

En xaneiro deste ano a Consellería de Innovación e Industria, no marco da Comisión creada a requerimento da mesma presentou o Plan Industrial para Estaleiro de Fene baseado na desafectación de activos ociosos que hoxe existen en Navantia Fene, para poder construír buques civís e crear 250 postos de traballo directos e case 3.000 indirectos nun novo estaleiro. O promotor industrial desta iniciativa é a empresa Hijos de J. Barreras, e o financiamento correría por conta de Caixa nova e Caixa Galicia, co cal se demostra que se trata dun proxecto sólido e solvente. En calquera caso, a adxudicación de activos ociosos de Navantia ha de facerse mediante concurso público cos principios de competencia, publicidade e transparencia, pero queda demostrado que existe interese en proxectos serios para construír barcos en Fene.

Ante a consideración de que o sector naval é estratéxico non só en Ferrolterra, senón paa o futuro de Galiza o Goberno Galego o Parlamento teñen reiterado nas últimas semanas o apoio unánime a este Plan.

E polo que solicitamos do Pleno deste concello a adopción dos seguintes

### **ACORDOS**

1. Comunicarlle á Presidencia e Vicepresidencia da Xunta de Galicia o apoio do Pleno da Corporación Municipal ao Plan Industrial para o Estaleiro de Fene.
2. Instar á Presidencia do Goberno do Estado a
  - Adoptar as medidas precisas que permitan que parte dos activos que no pasado pertencían a ASTANO en Fene poidan ser desafectados pola SEPI e dedicados á construción naval convencional no ámbito civil.
  - Garantir a plena carga de traballo na factoría de Navantia Fene.
  - Presentar de contado o Plan Industrial para Ferrol previsto nos acordos de 16 de decembro de 2004.
  - Que a SEPI, no suposto de que se adopte algún acordo que poida afectar aos/as trabadores/as de Navantia Fene, garanta sempre que o actual persoal do estaleiro poderá optar por continuar dentro do sector público.
  - Que a SEPI inicie coa Xunta de Galiza o deseño e impulso de novos proxectos de reindustrialización na comarca de Ferrolterra.”



### 13º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.

Polo Sr. alcalde pregúntase aos señores concelleiros se teñen algunha cuestión que plantexar en relación coas resolucións de alcaldía que figuran no expediente da sesión, intervindo unicamente o voceiro do PP, César Aja Mariño, que pregunta por unha resolución de alcaldía de asignación de cantidades en concepto de servizos prestados por un funcionario, que di figura con data de xaneiro de 2006 debendo ser un erro, pois entende que debe ser deste ano.

Polo Sr. alcalde cédese o uso da palabra á secretaria do Concello, que indica que efectivamente a devandita asignación corresponde a uns servizos extraordinarios prestados de conformidade coa pretensión de secretaria de que se lles dera saída urxente á tramitación duns expedientes que, pola carga de traballo soportado, non se podían levar a cabo nas horas laborais, sinalando a seguir que o funcionario acredita asistencia e o traballo realizado.

Polo Sr. alcalde puntualízase que esta situación non debe levar a erro respecto á de outro persoal que completa as horas da súa xornada laboral polas tardes, en atención ao horario flexible que establece de cumprimento obrigatorio da xornada de 9.00 a 14.00 horas.

Non se producen outras intervencións e o pleno da corporación acorda quedar informado das resolucións de alcaldía.

### 14º.- ROGOS E PREGUNTAS

Polo concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

1.- ¿Cuál es la razón, si es que hay alguna, de que el tren Transcantábrico pretenda suspender la pernoctar en Viveiro?

Polo Sr. alcalde contéstase que o presidente de FEVE se comprometeu, previa visita á cidade de Viveiro, e igualmente concretou que se volvería a realizar pernocta en Viveiro. Continúa dicindo que as razóns para o cambio as fundamentan nas solicitudes de viaxeiros. Finalmente, indica que pola alcaldía se comprometeu, entre outras novidades, que a partir do mes de abril, cando chegue o devandito tren, irá un grupo folclórico a recibir aos viaxeiros, entre outras atencións.

2.- ¿Qué solución tiene el Equipo de Gobierno para la pista polideportiva de San Francisco?.

Polo Sr. alcalde indícase que actualmente non hai ningún tipo de solución e que están á busca de terreos e vendo a posibilidade de retomar a idea do estacionamento, aínda que sería necesario o acordo da Consellería de Medio Rural.

3.- ¿Cuándo se acometerá la reparación de los daños ocasionados en el Patrimonio Municipal, por los distintos siniestros de tráfico?



O Sr. alcalde responde que a máis visible, a da Cruz Vermella, xunto á do Centro de Día de Maiores, que o problema son as valoracións das compañías de seguros. Neste intre, o concelleiro de IU-EU, Sr. Expósito Mariño, di que dá pena ver a rotonda de Verxeles e que xa foi motivo de reiteradas preguntas pola súa parte.

O Sr. alcalde responde que hai unha proposta de rediseñar toda esta prazoleta e de facer unha rotonda, que en calquera caso se tratará na Comisión Informativa de Obras.

4.- ¿En que situación se encuentra la futura ampliación del puente de FEVE en Verxeles?.

Polo Sr. alcalde resposta que se está xestionando co presidente de FEVE, pendente de determinar cando se pode executar a obra.

5.- El Sr. Alcalde es conocedor de la gestión que realizó este portavoz, sobre el aprovechamiento de un manantial que apareció en una ora que se está realizando en la curva de Xunqueira. ¿Cuándo se va a realizar la acometida para suministrar la fuente de Xunqueira, la cual está sin agua desde hace muchos años?.

Polo Sr. alcalde dise que se acudíu ao lugar e que se realizou unha obra, que na actualidade hai 78.2000 € para inversións, que son para o novo lavadeiro, antiga ponte e novo campo de fútbol.

6. ¿Cómo en su día ya hicimos, preguntamos si sería posible adecentar y reparar algunas deficiencias que tiene el Polideportivo Municipal, bien mediante una partida en el futuro presupuesto del 2007 o mediante algún tipo de subvención del organismo correspondiente?

Polo Sr. alcalde dise que se van a facer os novos vestiarios e que é preciso, tamén, construír unha nova escaleira de emerxencia.

7. ¿Cómo continúa la situación del camino del Coto a Castelo (Magazos) denunciado por este portavoz en su momento?

O Sr. alcalde di que será preciso recuperalo, pero tamén di que é necesario facer a limpeza do mesmo, pois de suprimir o peche hai que convertilo en transitable.

8. Rogamos la correcta reparación de los aparcamientos situados al lado de Correos y en la parte posterior de la estación de autobuses, que en súa día ya reclamó éste portavoz.

O Sr. alcalde di que o problema que hai nese terreo é que se o puidera usar o Concello xa estaría resolto o asunto, pero ocorre que ao servir de estacionamento para grandes camións, aínda que se arranxe, volve a poñerse en malas condicións polo uso e a climatoloxía.

9. Rogamos la reparación de la acumulación de agua, que se forma en la zona de la depuradora y en la margen derecha de la carretera que conduce a la Delegación de Pesca, los días que llueve.

O Sr. alcalde indica que a petición verbal xa a fixo e que a fará por escrito novamente á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.



10. Nun último rogo, o concelleiro citado di que onde se está a construír a depuradora existe outro depósito de auga e que, ao final, hai un sumideiro máis elevado.

O Sr. alcalde di que se están a arranxar os sumideiros nas estradas.

E sen máis asuntos a tratar, o señor alcalde dá por rematada esta sesión, cando son as 23:30 horas da data sinalada no encabezamento, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretaria, dou fe.